

CONSELLO DA CULTURA GALEGA
GALLAECIAE MONUMENTA HISTORICA

1376, maio, 8. San Martiño dos Condes

755

San Martiño dos Condes Arias Pérez véndelle a Milia López todo o que lle pertence no couto de San Martiño dos Condes por 60 maravedís.

MADRID, AHN, Carp. 1332 F/23, perg. orix., galego, gótica cursiva, 171x131 mm.

Sabean quantos esta carta viren commo eu Ares Peres, fillo de Pero Domingues que foy, morador a igrexa de San Martino dos Condes, vendo a vos Milia Lopes, filla de Lopo Rodrigues de Rodeyro, todo o meu herdamento et vos que eu aio et me perteeçe de aver en qualquer maneyra pollo dito meu padre en Villa Iusso, su synno de San Martino dos Condes, con todas suas dereyturas et pertenenças, cassas, arvores et formaes, a montes et a fontes, peru quer que vaan su u dito synno, et reço de vos en preço por esta vençon sessenta maravedis desta moeda hussavel de que me logo feçestes entrega et paga a a minna vontade de que conosco que soo entrego et ben pagado, et renunço a eyseyçon do aver non contado nen reço, que a non possa alegar en nehun tempo, et obrygo meus bees para vos faser senpre esta vençon de pas, des oie endeante avedea en vos, vos et vossa voz para senpre.

Feyta a carta da vençon en San Martino dos Condes, oyto dias de mayo, era de mill et quatroçentos et quatorçe anos.

Testemoyas: Fernan Ares et Johan Royz, et Affonso Lopes et Pero de Deus, moradores no couto de San Martino dos Condes, ts., et outros.

Et eu Gomes Fernandes, notario publico ennos coutos de Narrella que perteesçen a orden de Monterroso, en lugar de Affonso Martines, notario publico de Monterroso pollo conde don Pedro, a esto presente foy con as ditas testemoyas et esta carta con myna mao escrivi et puge en ella meu synno, semellante o do dito notario, que tal he en testemoyo de verdade. (+).